Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconecemento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que todas as unidades contén cun bo número de actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo clase ou ao grupo nivel; en último lugar, son ampliábeis, por suposto, ao traballo con grupos de niveis educativos diferentes. Moitas destas actividades admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente.

De igual modo, resulta habitual o recurso a tarefas integradas, actividades máis amplas que permiten pór en practica diferentes coñecementos e destrezas do presente curso e de cursos anteriores, que integran saberes tanto transversais como pertencentes ás diferentes materias e que teñen por obxectivo a obtención dun produto final que favorece a impresión no alumnado de estar a facer algo cunha utilidade tanxíbel.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
<b>BIBLIOGRAFÍA</b>
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019): Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Callón Torres, Carlos. (2012): Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez. Vigo. Xerais.
Callón Torres, Carlos. (2017): Galegocalantes e galegofalantes. Vigo. Xerais.
Callón Torres, Carlos. (2022): O libro negro da lingua galega. Vigo. Xerais.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.): Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dosil, Benxamín (2015): Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021): Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021): Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Fernández, Isaac (2010): Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Rei, Francisco (2003): Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004): Diccionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia.
Formoso Gosende, Valentina. (2013): Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico. Vigo. Xerais.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013): Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020): Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000): Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo. Xerais.
Iglesias Álvarez, Ana. (2003): Falar galego: no veo por qué : aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida): Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004): Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais.
Monteagudo Romero, Henrique. (2009): As razóns do galego. Apelo á cidadanía. Vigo: Galaxia.
Monteagudo Romero, Henrique. (2021): O idioma galego baixo o Franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.
Novo Folgueira, Paulino (1999): Diccionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais.

Núñez Singala, Manuel. (2009): En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións en contra da lingua galega. Vigo. Galaxia.
Núñez Singala, Manuel. (2010): Lingua e futuro. Laiovento. Ensaio.
Núñez Singala, Manuel (2017): Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüísmo na infancia e na idade adulta. Vigo. Galaxia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2016): Historia da literatura galega III. De 1916 a 1936. A xeira das Irmandades. Xerais.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2019): Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Xerais.
Queixas, Mercedes. (2016). De pergamiños, follas voadeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Vigo. Xerais.
RAG/ILG. (2003): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego-
Ramallo, Fernando (coord.). (2021): A lingua en 2050. Editora Catroventos.
Ramallo, Fernando (coord.). (2023): A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050. Editora Catroventos.
Regueira, Xosé Luís (2010): Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022): Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002): A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais.
Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): Dicionario da Literatura Galega I: Autores. (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores (coord.) (1997): Dicionario da Literatura Galega II: Publicacións periódicas. (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores. (1999): Historia da Literatura Galega. Galaxia.
Vilavedra, Dolores (coord.) (2000): Dicionario da Literatura Galega III: Obras (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores (coord.) (2003): Dicionario da Literatura Galega IV: Termos e Institucións Literarias (Vigo: Galaxia).
VVAA (2009): 55 mentiras sobre a lingua galega. A Coruña. Laiovento.
VVAA. (2009): Gran Dicionario Xerais da lingua. 2 tomos. Vigo: Xerais.
VVAA. (2007): Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos. Vigo: Xerais.
<b>WEBGRAFÍA</b>
LG3   O soportal da Literatura Galega do Consello da Cultura Galega: <a href="http://culturagalega.gal/lg3/">http://culturagalega.gal/lg3/</a>
Aulas Galegas: <a href="https://aulasgalegas.org/">https://aulasgalegas.org/</a>
Aulas Galegas - Materia de Lingua Galega e Literatura: <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a>
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora: <a href="https://rinoceronte.gal/dicionario/">https://rinoceronte.gal/dicionario/</a>
Dicionario da RAG: <a href="https://academia.gal/dicionario">https://academia.gal/dicionario</a>
Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega. USC.: <a href="https://ilg.usc.es/pronuncia/">https://ilg.usc.es/pronuncia/</a>
Dicionário Estraviz: <a href="https://www.estraviz.org/avanzada.php">https://www.estraviz.org/avanzada.php</a>
Dicionario fluvial (é un dicionario visual dos ríos galegos): <a href="https://www.rios-galegos.com/">https://www.rios-galegos.com/</a>



Diccionario de termos literarios. AS-PG: <a href="http://literaturagalega.as-pg.gal/termos-literarios/a.html">http://literaturagalega.as-pg.gal/termos-literarios/a.html</a>
Equipos de Dinamización da Lingua Galega no Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: <a href="https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega">https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega</a>
Glosario de erros léxicos e fraseolóxicos máis comúns en galego. Servizo de Normalización Lingüística da USC: <a href="https://www.usc.es/gl/servizos/snl/asesoramento/dubidas/glosario">https://www.usc.es/gl/servizos/snl/asesoramento/dubidas/glosario</a>
Historia da Literatura Galega. AS-PG: <a href="http://literaturagalega.as-pg.gal/">http://literaturagalega.as-pg.gal/</a>
Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: <a href="https://www.lingua.gal/portada">https://www.lingua.gal/portada</a>
Portal das Palabras. Real Academia Galega e Fundación Barrié: <a href="http://www.portaldaspalabras.org/">http://www.portaldaspalabras.org/</a>
Real Academia Galega: <a href="https://academia.gal/inicio">https://academia.gal/inicio</a>
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia ( <a href="http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg">http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg</a> )

O libro de texto para 4º ESO é "Lingua e Literatura 4" (Editorial Xerais), ISBN: 978-84-1110-201-8. Cada alumna e alumno terá un caderno de traballo específico para a materia.

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas: dicionarios enciclopédicos, monografías de historia de Galiza, manuais de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación, etc.
- Vídeos en DVD ou na rede.
- Páxinas web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa ou documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos, ensaísticos e teatrais) para a súa lectura, análise e comentario.
- Murais temáticos.

No espazo web da propia editora do libro de texto encontraremos unha batería de materiais complementarios e actividades que poderán servir de punto de partida para que o alumnado faga un manexo enriquecedor das novas tecnoloxías.

#### MATERIAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ademais dos xa sinalados anterior, segundo o artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, destácase a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón de equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel con dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. De ser preciso outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, este será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

A proba poderá conter as seguintes partes:

- Preguntas sobre o contido dun texto oral e/ou escrito. Avaliarase a comprensión oral e/ou comprensión escrita.
- Composición escrita de carácter argumentativo, que poderá estar relacionada co texto de comprensión escrita. Avaliarase a produción escrita.

- Exposición oral en rexistro formal planificada ou non sobre un texto oral e/ou escrito. Avaliarase a produción oral, que estará relacionado co texto de comprensión oral e/ou escrita.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	53	56	67	43	55	38	38	50	42	<b>49</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	47	44	33	57	45	62	62	50	58	<b>51</b>

### Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que non se lle dea importancia ás probas escritas senón que presta atención e relevancia ao desenvolvemento de proxectos e actividades centradas na utilización da lingua oral e ao mesmo tempo ás producións escritas de diverso tipo alén dos exames.

A cualificación trimestral obtense a través dos seguintes instrumentos e procedementos nas seguintes porcentaxes:

- Faranse DOUS EXAMES escritos por avaliación que suporán o 70% da cualificación.
- A LECTURA dun libro por avaliación e as actividades realizadas en torno a el (cuestionarios, videodiarios, gravacións de fragmentos, recensións, probas orais ou escritas...) constituirán o 10% da cualificación. A docente escollerá a obra para cada trimestre ou ben ofrecerá unha listaxe para que o alumnado escolla entre as opcións dadas.
- As EXPOSICIÓNS ORAIS, individuais ou en grupo constituirán o 10% da nota da avaliación.
- O TRABALLO COTIÁ de aula ou as tarefas para desenvolver na casa contarán o 10% da avaliación.
- O alumnado poderá realizar lecturas voluntarias que poderán sumar ata un máximo de 0,5 sobre a nota media así como outras actividades propostas pola docente que poderán sumar outro 0,5.
- De non superar un trimestre, realizarase un exame de recuperación a comezos da avaliación seguinte. Esta proba constituirá o 70% da cualificación e o 30% restante corresponderá á lectura, á oralidade e ao traballo cotiá.
- Poderá propoñerse reforzo personalizado se a profesora o estima oportuno.
- Para aquel alumnado que non supere a materia haberá un exame extraordinario en xuño e sobre contidos mínimos. A nota deste terá unha valoración do 70% na nota final. No 30% restante contará algunha lectura obrigatoria realizada polo alumno/a que sumará ata un 10% e no 20% restante poñerase en valor todo o traballo diario e os traballos de creación ou investigación realizados ao longo do curso.

Elementos considerados na cualificación:

A correcta comprensión das cuestións básicas do programa valorarase a través dos exames e por medio dos exercicios e actividades que se leven a cabo diariamente na aula.

A capacidade expresiva na lingua escrita valorarase a través dos exames e outras actividades como: composicións, cuestionarios, comentarios de texto, etc. Na cualificación deste apartado terán especial importancia a adecuación, coherencia e cohesión dos textos.

A capacidade expresiva na lingua oral avaliarase por medio de exposicións, presentacións, debates, cuestionarios sobre as lecturas de obriga, dramatizacións, recitacións, observación diaria na aula e traballos de audio ou audiovisuais. Durante o desenvolvemento das clases e actividades complementarias e extraescolares organizadas polo Departamento é obrigatorio o uso da lingua galega.

Os exames deben realizarse con letra clara e lexible. Non se pode empregar: corrector gráfico, lapis ou bolígrafo vermello, rosa, fucsia... (ese estilo de cores que dificultan a visualización da corrección).

A ausencia non xustificada a un exame implicará unha cualificación de cero.

O feito de copiar nun exame será sancionado cun cero, que fará media coas demais probas que se realicen durante esa avaliación. Non se permitirá acudir aos exames con móbil ou outros dispositivos electrónicos intelixentes.

O plaxio nos traballos será sancionado cun cero.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, tal e como se establece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12, o cal di: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia. Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 4º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

No caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que non superará os 2 puntos de rebaixa.

Os erros clasifícanse en:

- **Moi graves:** Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.
- **Graves:** Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como \*silla, \*hasta ou \*random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.
- **Leves:** Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/ v, h, \*ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descuentan, polo tanto, unha décima (0,1).
- Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

### **Criterios de recuperación:**

#### **RECUPERACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS:**

Farase unha recuperación por trimestre organizada do seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente realizarase a proba correspondente aos contidos do primeiro trimestre.
- Ao longo do terceiro trimestre no prazo establecido pola/o docente realizarase a proba correspondente aos contidos do segundo trimestre.
- O alumnado que deba recuperar os contidos do terceiro trimestre, fará unha proba antes do exame extraordinario de xuño.

#### **OUTROS MECANISMOS E CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:**

As tarefas, tanto de lingua oral como de lingua escrita que non fosen superadas poderán volver a entregarse unha vez para unha nova avaliación antes da cal o alumnado deberá revisar a corrección da primeira entrega e recibirá as indicacións precisas por parte do profesorado para lograr aqueles saberes e habilidades aínda non logrados. Do seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que non achegase tarefas do primeiro trimestre.
- Ao longo do terceiro trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que non achegase tarefas do segundo trimestre poderá volver a realizar a entrega para a súa recuperación.
- No caso de tarefas do terceiro trimestre non será posible realizar unha nova entrega.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

Para aquel alumnado que non supere a materia haberá un exame extraordinario en xuño e sobre contidos mínimos. A nota deste terá unha valoración do 70% na nota final. No 30% restante contará algunha lectura obrigatoria realizada polo alumno/a que sumará ata un 10% e no 20% restante poñerase en valor todo o traballo diario e os traballos de creación ou investigación realizados ao longo do curso.

## ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES:

O alumnado da ESO que teña pendente a materia nun nivel inferior terá un seguimento especial do seu rendemento no nivel no que se atopa, incluída a posibilidade de realización dalgún traballo específico, se se estimar oportuno, e será cualificado na pendente polo traballo e polos resultados no nivel en que se atopa no curso actual. Ademais, cada trimestre o alumnado terá que realizar un dossier de actividades correspondentes cos contidos do curso anterior. Algunhas destas tarefas poderán ser cualificadas a través da Aula Virtual (actividades telemáticas). Ao inicio de cada trimestre, o alumnado da ESO coa materia de Lingua Galega e Literatura de 3º pendente terá que lembrar que o traballo no curso actual vai ser determinante para aprobar a pendente. En cada avaliación darase conta aos titores e aos pais do progreso do/a alumno/a na materia pendente.. De chegarmos a maio coa materia sen superar o alumnado terá a oportunidade de examinarse na convocatoria de xuño.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darlles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".

A partir da avaliación inicial, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias
- g) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE, se for precisa a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.

Actualmente cóntase con alumnado TDAH ao que se lle vai aplicar o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como

estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.

-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.

-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.

-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

-Propor exercicios variados.

-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.

-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

-Reducir e fragmentar as actividades.

-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

-Fixarase as datas dos exames con suficiente antelación.

-Traballarse con mostras de formato de exames ou exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.

-Utilizaranse diferentes formas e instrumentos de avaliación.

-Acurtaranse os exames escritos e formularanse preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.

-Complementaranse os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

-Alternaranse a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

-Pactaranse a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).

-Darase máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive divídelos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

-Presentaranse escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.

-Deixarase suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.

-Pedirase que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Supervisarase que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A COMPETENCIA DIXITAL		X	X	X		X	X	
ET.4 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X				X		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - A EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A CREATIVIDADE	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - FOMENTO DO ESPÍRITO CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL			X	X	X	X		X

	UD 9
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X
ET.3 - A COMPETENCIA DIXITAL	X
ET.4 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	
ET.5 - A EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X
ET.6 - A IGUALDADE DE XÉNERO	X
ET.7 - A CREATIVIDADE	X
ET.8 - FOMENTO DO ESPÍRITO CRÍTICO E CIENTÍFICO	X
ET.9 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X

**Observacións:**

En todas as unidades traballarase a comprensión de lectura e a expresión oral e escrita. Ademais, os elementos transversais que se traballarán ao longo do curso nas respectivas unidades son:

- A comunicación audiovisual.
- A competencia dixital.
- O emprendemento social e empresarial.
- O fomento do espírito crítico e científico.
- A educación emocional e en valores.
- A igualdade de xénero.
- A creatividade.

Ademais, de maneira transversal fomentaranse:

- A igualdade entre mulleres e homes.
- A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- A formación estética.
- A concienciación e formación sobre o cambio climático.
- A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.
- O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregaranse unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia obras de teatro ou ao cinema	Asistencia a obras de teatro ou ao cinema segundo a programación cultural da comarca (Teatro Jofre, Auditorio de Caranza...)	X		X
Roteiro de Blanco Amor	Roteiro de Blanco Amor pola cidade de Ourense e visita ao Pazo de Otero Pedrayo.	X		
Os medios de comunicación e a manipulación informativa	Encontro con xornalistas de medios de comunicación en galego.			X
Intervención poética	Intervención poética na nosa vila ou centro para o 21 de marzo, Día Mundial da Poesía.		X	
Charlas con escritores/as	Aínda sen concretar por parte da editorial.			X

**Observacións:**



Procurarase realizar saídas e organizar actividades multidisciplinares con outros departamentos. As actividades terán relación directa coa materia, polo que non se inclúe as actividades complementarias organizadas polo centro.

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación, é por iso que o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario para incrementar a súa nota trimestral mediante actividades asociadas a elas. Garantirase que a súa valoración sexa obxectiva e que a súa realización sexa accesible a todo o alumnado independentemente da súa situación económica familiar ou de calquera outra forma de dificultade. O incremento de nota só se fará efectivo unha vez se teña chegado á cualificación de 5 sobre 10 nos instrumentos de avaliación de cada trimestre.

Estas tarefas desenvolveranse fóra da aula e poderán xirar arredor destes aspectos:

- a) Lectura voluntaria de obras escollidas pola/o alumna/o e confirmadas pola/o docente. (0,5 cada obra voluntaria lida) (Máx. 0,5 puntos).
- b) Investigación e realización de traballo evidente, sobre aspectos de cultura, lingua, literatura, sociedade galega sobre un tema proposto pola/o alumna/o e confirmado pola/o docente (Máx. 0,5).
- d) Asistencia probada a aos actos culturais no concello (obra de teatro, presentación literaria, conferencia) (0,5 puntos), se vai acompañada da crónica do acto ou dunha entrevista (0,5).

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
4. Logo de realizarse a avaliación Inicial e de recibir a Información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
Metodoloxía empregada
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. Impartiuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso 2023/24:

-Introdución

- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia
- Medidas de atención á diversidade
- A concreción dos elementos transversais
- As actividades complementarias
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
- Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recollenanse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados